

Día Internacional da Muller

8 de marzo de 2025

Arquiveiras

no Arquivo do
Reino de Galicia
1925-1975



ARQUIVO
DO REINO
DE GALICIA

250º aniversario




Exposición virtual

Introdución

No ano do seu 250º aniversario, o Arquivo do Reino de Galicia celebra o Día Internacional da Muller facendo presentes as mulleres que desenvolveron nel parte da súa vida profesional, a través da exposición dunha pequena escolma de documentos que nos falan delas ou do seu traballo.

Xa desde que o arquivo foi creado por Carlos III en 1775 para albergar a documentación producida pola Real Audiencia de Galicia, considerouse a necesidade de contar con persoal propio para a súa boa organización e funcionamento. Tardaría moito este en ser feminino.



Real cédula de Carlos III para a formación do Arquivo do Reino de Galicia. 1775

Arquivo do Reino de Galicia
Sig. 48273/7-1

Contexto

En 1858 creouse o Corpo Facultativo de Arquivistas e Bibliotecarios.

Para ingresar esixíase o título de licenciatura. Non existía unha prohibición expresa, pero as mulleres atoparon moitos obstáculos para acceder á educación superior. Á marxe de casos excepcionais, coma María de Guzmán (1785) ou Concepción Arenal (1841), as alumnas fóronse incorporando á universidade no último terzo do século XIX.

Ángela Carraffa de Nava foi a primeira licenciada (1890) e doutora (1892) en Filosofía e Letras, aínda que non se lle permitiu o exercicio da docencia en ningún dos niveis educativos.



Fotograma do filme "La terrible lección".
1927

[Alumnas nunha facultade de Medicina]
Sanatorio Marítimo Nacional de Oza

Contexto



A Coruña: Arquivo do Reino de Galicia. Sala de Índices
1987

Colección fotográfica
Sig. 5395

En 1910 establecéronse, por fin, condicións de igualdade no acceso á universidade e as mulleres puideron desempeñar profesións relacionadas co Ministerio de Instrución Pública e Belas Artes.

A partir dese momento encontramos ás pioneiras que opositaron ao Corpo Facultativo de Arquivistas, Bibliotecarios e Arqueólogos. En 1913 aproba a primeira muller, Ángela García Rives, aínda que ata a promoción de 1955 non veremos as primeiras facultativas en postos directivos.

O Corpo de Auxiliares xurdiu na II República. En 1977 transformáronse en axudantes.

Arquiveiras no Arquivo do Reino de Galicia

Atopámonos nos anos vinte e os primeiros trinta cun grupo de mulleres avanzadas que xa gozan de certas liberdades, traballadoras, moi competentes e conscientes dos seus dereitos. Ao longo das décadas dos trinta e corenta as mulleres van chegando ás institucións do Ministerio de xeito lento pero imparable.

A primeira muller destinada no Arquivo do Reino de Galicia (ARG) incorpórase en 1925. Nos trinta acceden a el algunhas mulleres, pero en estancias breves por diversas circunstancias. Durante os anos corenta estabilízase a presenza feminina neste arquivo. Todas elas eran licenciadas en Filosofía e Letras.

A día de hoxe as mulleres constitúen a absoluta maioría do persoal técnico.

A Coruña: Arquivo do Reino de Galicia. Vista parcial da fachada principal. [198-?]

Colección de fotografías
Sig. 5317



Arquiveiras no Arquivo do Reino de Galicia




Visita oficial á Casa da Cultura en: *El Ideal Gallego. La Coruña, Sábado 9 de Mayo de 1959, p. 9*

[Elvira Dugnot Villasonte (segunda pola esquerda) e Carmen Rúa-Figueroa Pérez (cuarta pola esquerda).
O ARG compartía espazo coa Casa da Cultura e a Biblioteca Provincial da Coruña]

Arquivo do Reino de Galicia

Arquivo no Arquivo do Reino de Galicia

de 1925 a 1975



Arquiveiras destacadas

María del Pilar Lamarque Sánchez

Naceu en Zaragoza en 1903.

Foi a primeira muller destinada no ARG, en 1925, onde permaneceu cerca dun ano.

Durante a súa formación estivo moi vinculada á *Institución Libre de Enseñanza* e á *Residencia de Señoritas*, nas que contactou cos círculos intelectuais da época. En 1932 acadou unha pensión de ampliación de estudos en Alemaña.




Friedrichsbad, Baden-Baden, Alemaña
ca. 1910-1914

Colección de postais
Sig. 3780

Folla de servizos de María del Pilar Lamarque Sánchez
1925-07-13 / 1926-09-16. A Coruña

Arquivo do Reino de Galicia
Sig. 48219/18 (14)



Arquiveiras destacadas

María del Pilar Lamarque Sánchez

Sufriu dous procesos de depuración por parte do goberno franquista, sen penalización.

Especializouse en bibliotecas infantís e desenvolveu a maior parte da súa vida laboral na Biblioteca Nacional, onde se xubilou.

INDICACIONES DE SERVICIO

Recibido de _____

Hilo núm. _____

El Oficial, _____

Para _____ de _____

PORTO GRATUITO

MM JEFE ARCHIVO REGIONAL

Sr. D. _____

Número 48219/2

TELEGRAFOS

39358 CORUNAGRANADA 31/32-30-15H50

RUEGO LE REMITA URGENTISIMAMENTE COPIA EXACTA Y REFRENDADA POR VD COMO JEFE DE TOMA POSESION Y CESE DE LAMARQUE EN ESE ARCHIVO REMITA DELEGADO HACIENDA GRANADA GRACIAS - VARELA

Telegrama do delegado de Facenda de Granada no que solicita a toma de posesión e cese de María del Pilar Lamarque.
[s.d.][Granada]

Arquivo do Reino de Galicia
Sig. 48219/18 (12)

Arquiveiras destacadas

Naceu en Madrid en 1908.

Entrou no Corpo Facultativo en 1931,
xunto con Carmen Rúa-Figueroa.

En 1933 ampliou estudos en París.

En 1940 sometérona a un expediente
de depuración. Foi readmitida, pero
con duras sancións, e destinada no
Arquivo do Reino de Galicia.


París: Opera
ca. 1904
Colección fotográfica
Sig. 1368



María Victoria González Mateos

Oficio dirixido a María Victoria González, no que
se lle comunica a súa readmisión con sancións.
1940-11-22. Madrid

Arquivo do Reino de Galicia
Sig. 48219/13 (2)



Arquiveiras destacadas

María Victoria González Mateos

Exerceu como xefa accidental deste arquivo en 1941 e 1943.

Cesou por traslado ao Arquivo Histórico Nacional en 1944.


Finou en 1948 en Madrid.

Dela quedou a lembranza da súa enorme capacidade de traballo.



Madrid: Puerta de Alcalá
ca. 1925-35

Colección fotográfica
Sig. 4451



Nomeamento como auxiliar de Elvira Dugnot Villasante,
con destino no Arquivo Rexional de Galicia.
1941-05-16. Madrid

[Asinado por María Victoria González Mateos como xefa
accidental do arquivo]

Arquivo do Reino de Galicia
Sig. 48215/1-6 (4)


Arquiveiras destacadas

Elvira Dugno1 Villasonte

Nacida en 1916.

Nomeada funcionaria do Corpo Auxiliar en 1941, con destino no ARG, onde permanecería practicamente ata o día do seu falecemento, en 1973.

En 1958 foi nomeada ademais auxiliar do Arquivo da Delegación de Facenda da Coruña, compaxinando ambos os dous destinos.




Necrolóxica de Elvira Dugno1 Villasonte encargada polo persoal do Arquivo Histórico Rexional de Galicia.
1973-11-30. A Coruña

Arquivo do Reino de Galicia
Sig. 48221

Acta na que se elixe a Elvira Dugno1 como responsable da
Habilitación e Pagadoría.
1963-09-24. A Coruña


Arquivo do Reino de Galicia
Sig. 48215/1-6 (20)



Arquiveiras destacadas


Elvira Dugno1 Villasonte

Colaborou con Antonio Gil Merino na confección da Guía del investigador do ARG, publicada en 1968.



Gil Merino, A. (1968). *Archivo Histórico del Reino de Galicia: Guía del investigador*. Dirección General de Archivos y Bibliotecas
Biblioteca auxiliar
Sig. 930.255.1 ARG gui

Oficio do inspector xeral de arquivos sorprendido pola enorme produtividade de Elvira Dugno1.
1946-07-10. Madrid
Arquivo do Reino de Galicia
Sig. 48221



Tamén destacou pola súa extraordinaria laboriosidade.

Arquiveiras destacadas

María del Carmen Pedrosa Pérez-Dávila

Nada en Santiago de Compostela en 1917, cidade na que se licenciou en Filosofía e Letras.

Foi nomeada estudante auxiliar gratuíta, con destino no ARG, de febreiro a outubro de 1939.




Santiago de Compostela: Facultade de Xeografía e Historia
ca. 193-?

Colección de fotografías
Sig. 2596

Instancia de Carmen Pedrosa na que comunica a suspensión dos seus servizos no ARG por empezar o curso universitario.
1939-10-20. A Coruña

Arquivo do Reino de Galicia
Sig. 48219/28 (6)




Arquiveiras destacadas

María del Carmen Pedrosa Pérez-Dávila

Ingresou no Corpo Facultativo en 1944, con destino no Arquivo do Reino de Galicia. Recibiu unha gratificación da Dirección Xeral de Arquivos e Bibliotecas polo seu traballo.

Ávila: calabozos do Alcázar
ca. 1930-1940

Colección de fotografías
Sig. 3395



Concesión de 2.500 pesetas a María del Carmen Pedrosa para gratificala polos seus servizos.
1951-07-14. Madrid

Arquivo do Reino de Galicia
Sig. 48219/28 (19)



Aquí permaneceu até 1951, en que foi trasladada á Biblioteca, Arquivo Histórico Provincial e Arquivo da Delegación de Facenda de Ávila, institucións das que foi directora.

Xubilouse en 1985 e morreu en Ávila no 2003.

Arquiveiras destacadas

María del Carmen Rúa-Figueroa Pérez



Ingresou no Corpo Facultativo en 1931.

En 1954, segundo o seu expediente persoal no ARG, figura como directora do Arquivo da Delegación de Facenda da Coruña, cargo no que continuaba en 1963. Nese arquivo permanecía en 1971, aínda que descoñecemos se en funcións directivas.

Prestou servizos no Arquivo Rexional de Galicia, sen deixar o de Facenda, de 1955 a 1957.

Oficio dirixido ao Xulgado da Coruña, no que se indican os funcionarios que poden actuar como peritos caligráficos. 1958-03-26. A Coruña
[Entre eles María del Carmen Rúa, directora do Arquivo de Facenda]

Arquivo do Reino de Galicia
Sig. 48202/9 (241)



Oficio polo que queda encargada do ARG a vicedirectora, María del Carmen Rúa-Figueroa, ante as vacacións do director. 1955-07-06. A Coruña
Arquivo do Reino de Galicia
Sig. 48202/9 (126)

Bibliografía

Foncillas Sierra, M. J. (2021). La mujer en los Archivos. *Dara. Documentos y ARchivos de Aragón*, (23), 45-46.

Lasala, M. (2021). M^a Pilar Lamarque Sánchez. En: M. Lasala. *Legados de mujeres aragonesas de los siglos XIX y XX. Vol. 1, Escritoras intelectuales, artífices de la palabra* (pp. 143-144). Ayuntamiento de Zaragoza. <https://www.zaragoza.es/contenidos/publicaciones/legados-escriptoras.pdf>

López de la Cruz, L. (2002). La presencia de la mujer en la universidad española. *Revista Historia de la Educación Latinoamericana*, (4), 291-299. <https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=2480643>

López Gómez, P. (1996). *La Real Audiencia de Galicia y el Archivo del Reino*. (Vol. 1b). Xunta de Galicia.

Ministerio de Cultura. (s.f.). *Universitarias. Pioneras en las aulas. Ángela Carraffa de Nava (1874-1950)*. Subdirección General de los Archivos Estatales, Conferencia de Archivos de las Universidades Españolas (CAU). <https://www.cultura.gob.es/cultura/archivos/difusion/mujeres-archivos/universitarias-pioneras-en-las-aulas/pioneras-universitarias/angela-carraffa.html#:~:text=%C3%81ngela%20Carraffa%20fue%20la%20primera,ninguno%20de%20los%20niveles%20educativos>


PARES. Portal de Archivos Españoles. (s.f.). *Persona. González Mateos, María Victoria (1908-1948)*. Ministerio de Cultura. PARES | Archivos Españoles

PARES. Portal de Archivos Españoles. (s.f.). *Persona. Lamarque Sánchez, María Pilar (1903-?)*. Ministerio de Cultura. <https://pares.mcu.es/ParesBusquedas20/catalogo/autoridad/152163>

PARES. Portal de Archivos Españoles. (s.f.). *Persona. Pedrosa Pérez-Dávila, Carmen (1917-2003)*. Ministerio de Cultura. <https://pares.mcu.es/ParesBusquedas20/catalogo/autoridad/142258>

Ruiz Cabriada, A. (1958). *Bio-Bibliografía del Cuerpo Facultativo de Archiveros, Bibliotecarios y Arqueólogos. 1858-1958*. Junta técnica de Archivos, Bibliotecas y Museos.

Torija López, A. e Baquedano Beltrán, I. (coords.). (2019). *Tejiendo pasado. Patrimonio cultural y profesión, en género femenino*. Comunidad de Madrid. <https://www.madrid.org/bvirtual/BVCM019740.pdf>



ARQUIVO DO REINO DE GALICIA

Elaboración

Noelia Castro García, Pilar Encinar
Romero e Dulce Villares Cuba

Textos

Pilar Encinar Romero e Dulce
Villares Cuba

Deseño

Noelia Castro García

Dixitalizacións

Elisa Valcarce García

Dirección

Carmen Prieto Ramos